



ADDENDA ao Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Formación Profesional e Universidades que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O profesorado interino e substituto que figura nas listas oficiais da Consellería de educación adquiriu a súa posición mediante procedementos regulados normativamente, conforme ao Acordo do 20 de xuño de 1995 e ás súas sucesivas addendas e textos refundidos.

As listas de profesorado interino e substituto teñen como finalidade garantir a continuidade do servizo público educativo mediante unha cobertura áxil de vacantes. Resulta agora razoable e xustificado eliminar a obriga do profesorado interino e substituto de presentarse aos procesos selectivos para manter a súa posición consolidada nas listas de substitucións, preservando así os seus dereitos e a estabilidade do sistema.

Esta decisión parte da análise compartida pola Administración e as Organizacións Sindicais presentes na comisión de seguimento deste acordo. Os obxectivos da mesma son a mellora do funcionamento dos tribunais de oposición, a redución da carga burocrática e organizativa, un reparto de prazas máis xusto por tribunal e a conciliación familiar e persoal das persoas integrantes das listas de interinidade e substitucións.

O sistema de chamamentos telefónicos permitiu e permite xestionar o proceso de cobertura de vacantes. A substitución deste modelo por un procedemento xestionado mediante unha aplicación informática facilita rexistrar dun xeito automático e verificable cada oferta, resposta e adxudicación, garantindo así a transparencia do proceso e evitando posibles incidencias derivadas de interpretacións subxectivas ou erros humanos. Esta actuación xa aparece recollida no plan para a simplificación das tarefas burocráticas aprobado recentemente no marco do Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo.

A automatización do procedemento reduce a conflitividade administrativa, ao quedar constancia documental de todas as fases do proceso. A existencia de rexistros electrónicos proporciona seguridade xurídica tanto á Administración como ao profesorado substituto, facilitando a resolución de reclamacións e evitando controversias sobre a correcta realización dos chamamentos.

A xestión manual de chamamentos telefónicos esixe un elevado consumo de recursos humanos e de tempo, especialmente en períodos de alta demanda de substitucións. A implantación dunha aplicación informática vai favorecer a optimización dos recursos administrativos, acelerar a cobertura das vacantes e

Rosa Silva





asegurar unha resposta máis rápida ás necesidades reais dos centros educativos, redundando na mellora do servizo público educativo.

O uso de aplicacións informáticas nos procedementos administrativos enmárcase no proceso de modernización e dixitalización da Administración pública. Este cambio resulta coherente cos principios de administración electrónica, eficiencia e modernización, facilitando unha xestión máis ordenada, homoxénea e acorde coas prácticas administrativas actuais.

De igual modo axuda nunha mellor conciliación da vida persoal e profesional do profesorado interino e substituto, ao non esixir dispoñibilidade inmediata para atender chamadas telefónicas en horarios variables.

A substitución dos chamamentos telefónicos por un procedemento xestionado a través dunha aplicación informática constitúe unha medida xustificada, proporcionada e necesaria, que mellora a transparencia, a igualdade, a seguridade xurídica e a eficiencia administrativa, á vez que contribúe á modernización da xestión das listas de profesorado substituto e á correcta prestación do servizo público educativo.

Como consecuencia do exposto anteriormente e para dar cumprimento ao descrito e facilitar a súa adaptación e implantación, modifícanse os seguintes apartados do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado por Resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (DOG núm. 89 do 10 de maio de 2023).

Primeiro. Elimínase o punto décimo terceiro. *Obrigatoriedade de presentarse aos procedementos selectivos.*

Segundo. O apartado 4 do punto décimo quinto. *Renuncias*, queda redactado da seguinte forma:

"4. O persoal a que se fai referencia neste punto décimo quinto poderá optar, durante os períodos máximo e mínimo previstos nel, por realizar substitucións en concellos determinados. A opción deberá efectuarse mediante o procedemento que para estes efectos sinale a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo comprendido entre os días 15 de xuño ao 15 de xullo do ano correspondente. Será obrigatorio incluír na petición concellos nos que se impartan materias ou áreas ou módulos profesionais atribuídos á especialidade correspondente. Esta opción será por todo o curso académico.

Rosa Silva





Terceiro. Elimínase o apartado d) do punto Vixésimo. *Causas de perda do dereito á permanencia nas listas de chamamentos.*

Cuarto. O punto Vixésimo primeiro. *Chamamentos, queda redactado da seguinte forma:*

"Realizada a adxudicación definitiva de destinos provisionais, os chamamentos para realizar substitucións e, se é o caso, interinidades, efectuarase mediante convocatoria na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/substitutos>, ou, excepcionalmente, mediante chamamento telefónico de acordo coa orde de prelación, segundo os datos de contacto das persoas interesadas que consten nesta consellería no seu expediente administrativo persoal (no enderezo <https://www.edu.xunta.gal/datospersoais>).

Para estes efectos, o persoal docente interino e substituto deberá verificar e/ou actualizar, de ser o caso, os seus datos de contacto telefónico, e manter operativa a súa conta de correo electrónico edu.xunta.gal, de tal xeito que será responsabilidade exclusiva de cada persoa os erros que se deriven do estado destes datos e vinculará tanto a Administración como as persoas interesadas.

As persoas convocadas disporán dun prazo de 24 horas para seleccionar a orde das vacantes ofertadas. Se a persoa interesada non participa e non o xustifica adecuadamente ou non solicita todas as prazas ás que está obrigado será excluído dos chamamentos durante:

- 30 días lectivos a primeira vez.
- 60 días lectivos a segunda vez.
- Definitivamente a terceira. "

Quinto. Elimínase o punto Vixésimo segundo. *Horarios dos chamamentos.*

Sexto. Engádesse un novo punto coa seguinte redacción:

"Se nunha convocatoria quedan prazas sen cubrir, estas poderán ofertarse a todo o persoal que forma parte da lista desa especialidade para que as poidan solicitar con carácter voluntario.

A aceptación dunha praza de carácter voluntario non dará lugar á consolidación do posto na lista."

Sétimo. A Disposición adicional cuarta. *Mantemento da mesma persoa substituta, queda redactada da seguinte forma:*

"Cando o desempeño dunha substitución se interrompa pola incorporación da persoa titular coincidindo cos períodos non lectivos, de producirse a mesma necesidade de cobertura da substitución no reinicio do período lectivo, poderase nomear, por petición de parte, a mesma persoa que viña desempeñando a praza."

Rosa Silva





Oitavo. Elimínase a Disposición transitoria primeira.

Noveno. Engádesse unha nova Disposición transitoria coa seguinte redacción:

"Mentres non se poña en funcionamento o procedemento de chamamentos a través de convocatoria na aplicación <https://www.edu.xunta.gal/substitutos>, manterase vixente o procedemento de chamamento telefónico ao que se fai referencia no artigo vixésimo primeiro do anexo da Resolución do 2 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias."

Disposición final. Autorización para publicar no Diario Oficial de Galicia un texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995.

Para unha mellor comprensión do texto, autorízase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a publicar no *Diario Oficial de Galicia*, un texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 vixente. Neste texto refundido, ademais das modificacións sinaladas anteriormente e a reordenación dos puntos do acordo, actualizarase o nome da Consellería con competencias en materia de Educación e cambiaranse os vocábulos "interino" por "persoa interina", "substituto" por "persoa substituta" "funcionario" por "persoal funcionario" e "profesores" por "profesorado".

Santiago de Compostela, a 11 de febreiro de 2026.

Pola Consellería de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Jesús Manuel Álvarez Bértolo



POR CCOO

Francisco Borja Campos Seijo

POR ANPE

Julio César Trashorras de la Fuente

POR UGT-SP ENSINO

José Cristóbal Salgueiro Vallejo

POR CSIF-ENSINO

Rosa María Silva Méndez